IRMIA

REVISTA MENSUAL
DE CRENTES GALEGOS
ANO XLIV
Nº 1071
De maio a
xuño de 2025

Benia quen constrúe a paz!

E esta vai de despedidas

A foto que fala

Así NON se poda!!! Un exemplo de desleixo ambiental en Santiago de Compostela, onde se podan árbores con niños ocupados de pombos torcaz en tempada de cría, segundo denuncia a Sociedade Galega de Historia Natural a través desta foto.

© Fotografía portada: https://media.todojujuy.com/p/89a8804615a617b9e43861c0c1be023e/adjuntos/227/imagenes/000/371/0000371671/francisco-y-mujica.jpg

O trasno

Daniel López Muñoz

Señor cura señor cura

Moito se falou aí atrás, tanto por "propios" como por "estraños", sobre o legado de Francisco, o Papa que veu da fin do mundo. "Estraños" que falaban coma "propios" e "propios" que calaban en público cal "estraños", mentres manobraban nos sotos do Vaticano.

Sen as urxencias da actualidade quero dedicarlle ao cura Bergoglio este *loguiño nos vemos*, e agradecerlle algo que non debería quedar en "irrepetible": o xeito de comunicar; xa desde aquel "boas noites", de marzo de 2013, que inaugurou algo distinto. Con afectos, palabras e acenos.

Houbo, si, unha linguaxe das relacións, das cordialidades preferentes: as amizades "perigosas", "mal vistas", incorrectas. A liberdade interior para abrirse a esa cordialidade co mundo e cos submundos. Hai 2000 anos mataron ao mestre galileo por cousas como andar, amistar e comer con pecadores, excluídas, perdedores ou xentes de malvivir. É a linguaxe da humanidade sen fronteiras, dos encontros subversivos, contra as expectativas ben-pensantes e as ditaduras fariseas. Presos, mulleres trans, teólogos castigados, ateos irredentos, persoas sen teito, e vítimas da guerra, da desigualdade planetaria ou dos abusos sexuais. Sen esquecer a súa chamada semanal a Gaza, para compartir a dor do exterminio.

Houbo palabras renovadas, re-significadas, despertadoras: periferia, descarte, fraternidade, misericordia, ... e palabras inventadas desas que fan sufrir aos tradutores, pero entende a xente sinxela: *balconear* (ver pasar a vida desde a indiferenza dun balcón); *primarear* (tomar a iniciativa, saír ao encontro); ou a Igrexa como *hospital de campaña* e non como club cerrado dunha elite espiritual que disque cumpre as súas regras estritas en tanto non se descubra a realidade.

E houbo símbolos de enorme forza: desde a escolla dos destinos das viaxes, destinos que falan de seu, de Lampedusa a Mongolia, ata eses zapatos, aquela cruz, tanto e tan bo humor, e a simplicidade nas aparencias para ficar co esencial.

Os pescadores de Galilea e as xornaleiras de Begonte, os leprosos de Cafarnaún e os seropositivos de Cape Town, os magos de Oriente e os herdeiros da Ilustración, as prostitutas e os pastores, os publicanos e os republicanos: A xente non entende moito de doutrinas e dogmas, pero si entendía e entende esa música do esencial para a vida, esa boa nova que nos rescata.

Letra e música, palabra e símbolo, un falar esperanzado co que vibraron tamén Galeano e Mujica. Vaia tres! Agora andan buscando alguén para completar o faladoiro, a partida de mus e a cumbia porteña. Dan ganas de cruzar o gran río, unirse a esa mesa, e completar o programa coa muiñeira de San Amaro: Señor, cura, señor cura/ a doutrina non lla sei/ pídame unhas cantiguiñas/ que eu llas repenicarei.

Editorial

Pepe Mujica e a honestidade

Pódese vivir como un pensa, mesmo sendo presidente da República do Uruguai. A xente, por contundentes razóns, está farta da mala política. Pero Pepe Mujica mantiña que "a política non é un pasatempo, nin unha profesión para vivir dela, senón unha paixón co soño de intentar construír un futuro social mellor"... "a política realmente é a loita pola felicidade de todos". Era un líder distinto.

Pódese escoller a sinxeleza, a sobriedade, a felicidade e a fermosura do pequeno, a pesar de ter oportunidade de gramar o botón do ascensor social e económico e facer como a maioría. Mujica sabía vivilo e explicalo: "Non son pobre, eu son livián de equipaxe, vivo co xusto para que as cousas non me rouben a liberdade". Porque, remachaba: "pobres non son os que teñen pouco. Son os que queren moito. Por iso eu non vivo con pobreza".

Pódese presidir unha república, desde un "ranchito" para non perder a lucidez da análise sobre o malestar dunha civilización de consumo que nos consume a nós e ao planeta. Por iso Mujica adoitaba lembrar os síntomas: "Debemos gobernar a nosa civilización e non rexernos polo mercado". E subliñaba: "enfrontamos o sedentarismo con máquinas para camiñar, o insomnio cos pastillas para durmir e a soidade con aparatos electrónicos" .... "só se pensa en comprar e traballar, traballar e comprar e, mentres, a vida que é o máis prezado, váisenos...."

> pobres non son os que teñen pouco. Son os que queren moito

Pódese gobernar sen corromperse, ese mal que desarma as utopías -singularmente cando o protagoniza a esquerda política- e atrae coma un imán a anti-política e fascismo. Pero hai que estar convencido de certas cousas básicas, como que "os políticos temos que vivir como vive a maioría da poboación e non como vive a minoría" porque "o poder non cambia as persoas, só revela quen son verdadeiramente no seu interior".

Pepe Mujica, sempre estarás no noso corazón e nos nosos pensamentos.

Amiguiños si...

Carlos Vázquez G.

As relixións sonvos cousa deste mundo

A morte do Papa e a elección dun novo foi, sen dúbida, a noticia global, de carácter social e político, máis relevante dos meses de abril e maio. Nos países de tradición ou "cultura" cristiá ou católica foi excesiva e subxugante, sobre todo en España, seguramente porque aquí aínda non se disipou, nin moito menos, o ronsel do nacional-catolicismo, vizoso nos corenta anos de franquismo. Isto é así, entre outras cousas, porque a diplomacia vaticana logrou introducir na Constitución española de 1978 o anómalo artigo 16, que evita a declaración da laicidade do Estado e opta pola tan confusa aconfesionalidade, que permitiu a práctica vixencia dun anacrónico concordato coa "Santa Sé", mantendo os privilexios da Igrexa católica. Todo isto nun país onde o número de cidadáns e cidadás que se declaran católicos practicantes (19,3 %) é xa moi inferior ao dos ateos ou agnósticos, que din "non ter crenzas relixiosas" (41,5 %).

Nun dos innumerables faladoiros televisivos destes días, un participante teólogo, católico e crente confeso, entendía que a Igrexa católica, nun proceso de renovación e constante conversión ou de perenne metánoia, debería "desfacerse" do Estado do Vaticano e renunciar ao exercicio do seu poder político para dedicarse en exclusiva a "vivir a fe" e á súa misión evanxelizadora. Proposición que parece coherente coa fe e coa boa fe deste teólogo e, seguramente, coa de moitas comunidades cristiás que sofren acotío a corrupción moral da institución eclesiástica e de tantos xerarcas, arrastrados polos remuíños da cobiza e do poder.

Emporiso, non me parece que este sexa un horizonte, nin sequera un obxectivo utópico, que a xerarquía católica considerase nunca con Francisco ou vaia considerar con León XIV ou con quen veña. A poderosa e sofisticada nomenclatura católica e vaticana está instalada no exercicio dunha sorte de poder, todo o simbólico que se queira, pero dotado dunha moi notable influencia política global, que asenta na eficaz armazón diplomática dun pequeno Estado, ao que é practicamente imposible renunciar e que, por riba, presta de facto un servizo ás complexas relacións internacionais. Diriamos que a xerarquía católica está tan incrustada na armadura global do poder, que a propia Igrexa evoluciona e se desenvolve co ritmo e na mesma dirección que o fan os poderes político e económico do mundo.

Igrexa evoluciona na mesma dirección que os poderes político e económico

Basta constatar que, ao mesmo tempo e case que ao mesmo ritmo que a hexemonía do poder político se vai desprazando cara ao leste e cara ao sur do planeta, a Igrexa católica medra e gaña adeptos na mesma dirección mentres os vai perdendo onde antes era hexemónica.

Boa mostra deste proceso é a propia España, onde estamos a comprobar a caída de fieis e a substitución de vocacións autóctonas por curas, relixiosos e relixiosas de países do chamado terceiro mundo.

Ademais de todo isto, o "servizo" fundamentalmente diplomático e mediador que o Vaticano está a prestar á comunidade internacional garante a aceptación xeral da interlocución diplomática da Igrexa católica e axuda, sen dúbida, a que persistan a influencia e o poder da súa xerarquía e da burocracia vaticana.

Porque as relixións sonvos cousa deste mundo.

... pero a vaquiña polo que vale

Miguel Fernández Blanco
Foro Galego de Inmigración

As persoas migrantes coma síntoma

O debate instalado sobre a acollida de persoas menores migrantes procedentes de Canarias, é dicir nenos e nenas, nas diferentes comunidades autónomas amosa de forma clara a tendencia crecente a utilización das persoas migrantes no debate político. Unha cuestión que por lóxica debía resolverse cuns trámites administrativos entre goberno central e comunidades autónomas, como tantas outras cuestións, fóra dos focos mediáticos, convértese nun problema político a nivel estatal. Ademais resolto o tema da adaptación da Lei de Estranxeiría, esta exposición mediática tiña que ter rematado xa.

A Galicia corresponderíalle acoller uns 300 nenos e nenas nesta distribución. Presentar isto coma un problema grave parece bastante ridículo, cando ademais sabemos que existe un compromiso do goberno central para asumir os gastos derivados. Evidentemente o sistema galego de protección de menores, bastante saturado como todos os demais, precisaría incrementar os seus recursos. Probablemente será unha oportunidade para facelo con financiamento estatal. Tampouco van chegar os 300 todos xuntos o mesmo día e, por certo, houbo tempo dende o verán do ano 24 de prever esta situación e ir buscando alternativas.

Neste discurso; ademais de esquecer que estas persoas menores que se instalarán aquí son, como o conxunto da poboación migrante, unha oportunidade, unha riqueza - xa que "achegan vida" en todos os sentidos na nosa sociedade: serán novos e novas galegos e galegas que contribúen no eido económico, social, ou cultural- aparece de forma máis ou menos disimulada o racismo.

Para nós, nas declaracións da Conselleira despois da Xuntanza a nivel estatal para tratar este tema, e – velaí o problema- probablemente seguindo un "argumentario" de partido, falou de guetos, e esta é unha expresión que a ultradereita española utiliza para referirse a centros de menores noutras partes do Estado, relacionándoos coa delincuencia, á parte doutras connotacións históricas. Falou tamén de "non sabemos cantos máis virán", e ese é un discurso moi querido tamén pola extrema dereita española e europea: o medo ao diferente e o medo a "invasión".

De aí, a gravidade desta resposta política ao goberno central, porque é un síntoma de que o Partido Popular, mesmo aquí que non precisa, nin parece que vaia precisar da ultradereita, vai "mimetizando" este discurso racista. Por iso urxe a rectificación, porque se trata dunha membro do goberno da Xunta, que nos representa a todas as galegas e galegos.

urxe a rectificación, porque se trata dunha membro do goberno da Xunta

© Foto: https://www.unir.net

O peto do Santo Antón

Manuel Regal Ledo

O humor, escudeiro indispensable da irmandade

Benquerido Santo Antón:

Que tal, amigo! Xa ves cantas cousas pasaron desde que che escribín a última carta! Morreunos un Papa, o noso benquerido Papa Francisco, e xa temos un Papa novo: León XIV. Do primeiro, de Francisco –o Panchito, que di a canción–, habería moito que contar, pero aí, en Deus, xa o sabedes todo. Xa volo lembrará el tamén; falaravos dos seus fondos desexos neste mundo, que foron callando ao redor nunha simple e ampla solicitude por todo o que era débil, marxinal, periférico –fosen persoas, grupos sociais, países, natureza... Entendía el, e entendía ben –pensamos–, que coidar de toda fraxilidade é o que nos axuda a ser verdadeiramente persoas crentes, o que nos introduce de veras no ser de Deus. Pero tranquilas, xa veredes como, aínda falando de cousas tan serias, de cando en vez riredes con el ás gargalladas. Para el o humor non se levaba mal coa ansia de irmandade; ao revés, era o seu escudeiro indispensable. Felicitádeo. Para boa parte da Igrexa, e aínda máis para a poboación non crente ou non católica, cumpriu con nota o seu servizo de Papa. Celebrádeo con el.

E aquí temos entre nós a Robert Prevost Martínez, León XIV. Nado en Chicago (EE. UU.), de familia inmigrante, misioneiro e bispo no Perú, e logo cardeal. Coñecerédelo ben, seguro; ten xeitos de tímido, moi asentado, máis ben calado, pero parece que eficiente, resolutivo cando cómpre selo; con ampla experiencia eclesial, moi amigo do Papa Francisco, co que compartía as liñas básicas do seu servizo papal. O seu tempo de misioneiro no Perú avezouno na atención a xentes e situacións de pobreza. Parece que, ao seu xeito, continuará co estilo do anterior Papa.

> “ten xeitos de tímido, calado, pero resolutivo cando cómpre selo”

Supoño que xa leriades por aí algunhas das súas primeiras comunicacións. A min gustoume moito aquel chamamento seu a unha paz desarmada e desarmante, nas súas primeiras palabras de saúdo e presentación, e tamén o que falou no encontro cos xornalistas acreditados para cubrir o cónclave: “A paz empeza en cada un de nós, na forma en que cada un miramos aos outros, falamos dos outros. O modo no que nos comunicamos ten unha importancia fundamental. Debemos dicir NON á guerra das palabras, das imaxes; debemos rexeitar o paradigma da guerra.” E tamén: “Pido a liberación destes xornalistas (encarcerados por informar sobre a verdade), porque só os pobos informados poden tomar decisións libres.”

Pois xa ves, Antón querido, así andamos por aquí. A ver se entre todos e todas somos quen de ir dando alento a esta Igrexa nosa, para axudar logo a poñer vida en toda a humanidade. **Apertas. Recordos por aí, ao Papa Francisco e a todos e todas.**

O peto común

Josecho de la Torre Culler

IV Gala dos Premios *Dígocho Eu!*

Alongando a estela das Letras Galegas deste ano, dedicadas ás cantareiras e, a través delas, á poesía popular galega, non imos deixar pasar por alto unha nova edición da gala dos Premios *Dígocho Eu*! Cómpre lembrar que este programa naceu durante a pandemia e, posteriormente, deu lugar a un concurso no que escolares de toda Galicia crean as súas ideas e guións sobre aspectos lingüísticos do galego.

Os colexios e institutos finalistas deste concurso (seis de primaria e seis de secundaria) teñen a oportunidade de gravar o seu guión xunto á presentadora Esther Estévez e optar aos premios que se entregan na gala. Pois ben, este ano estes recoñecementos tiveron lugar na semana das Letras Galegas e encheron a Cidade da Cultura con 500 escolares procedentes de distintos puntos xeográficos: A Fonsagrada, Ponteceso, Marín, Vigo, Culleredo, Cerceda, Pontevedra, Ferrol, A Coruña, O Grove e Santiago.

Algunhas das temáticas que presentou o alumnado de primaria foron a climatoloxía, os mariscos e peixes, expresións ferrolás, criaturas mitolóxicas, fonemas conflitivos ou o vocabulario dun aeroporto. Entre as propostas do alumnado de secundaria destacan: *Goza coa túa lingua*, *Foliada*, expresións da Costa da Morte, as cores do pelo, *Imos ao cine*, regatos e regos.

Máis alá dos premios, agradécese que a televisión aposte por programas deste tipo, onde as nenas e nenos gozan da súa lingua e son partícipes directos da súa aprendizaxe, ademais de pasalo pipa. Agradécese tamén esta convocatoria para estudantes de distintos lugares. E agradecería-se, ademais, que programas como este teñan continuidade, tanto na forma como no fondo.

Dende aquí, deséxaselle mil primaveras máis.

Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

Todos escoitamos o dito: "Unha imaxe vale máis ca mil palabras". Eu recoñezo que teño rexeitado este dito porque considero que, na sociedade da imaxe, unha palabra a tempo pode ser moi reparadora. O caso é que vou falar de persoas que deron unha imaxe que perdurará nas nosas mentes.

Unha destas imaxes é a dos zapatos do papa Francisco. Uns zapatos vellos que representan humildade. Son os zapatos cos que foi soterrado.

Outra imaxe é a do vello coche de Pepe Mujica. Foi presidente de Uruguai, pero tamén foi un home sinxelo, moi austero, e que sempre conducía un coche tan fermoso coma vello.

Espero que teñas a sorte de coñecer xente humilde que busca a sinxeleza. Xente que se apaña con moi pouco e que gusta máis de compartir ca de ter. Son persoas coma Mujica ou Francisco, que non son perfectas, pero que emociona velas. Marcharon hai pouco os dous, pero

deixan un camiño para quen o queira seguir. Os dous pertencen a institucións onde esa mensaxe non é abondosa, aínda que sexa desexable. Oxalá moitas persoas, tanto na Igrexa coma na política, sigan o seu camiño.

Amén.

A peneira

Beatriz Cedrón

Este ano terá lugar a cuarta edición do programa **Da Escola á Granxa**, co que a Deputación de Lugo pretende confrontar os prexuízos sobre a vida e o traballo no rural e transmitir ás novas xeracións a súa importancia para a produción de alimentos, a conservación do medio ambiente e do territorio. Nesta edición participarán 45 granxas que apostan pola produción de calidade, maioritariamente ecolóxica, diversificada, familiar e sostible.
Imaxe: campogalego.gal

A investigadora da USC Mariña Arbor Aldea, xunto con outros profesores e investigadores das universidades galegas, recolleu nunha mesma publicación, por vez primeira, **704 Cantigas de Amor** nunha edición crítica dos textos que nos chegaron a través dos principais cancioneiros medievais. A obra *Universo Cantigas. I. Cantigas de Amor*, primeira dunha serie que recollerá as cantigas de distintos xéneros poéticos que coñecemos hoxe, acompaña os textos coa súa versión en galego actual. O proxecto pódese consultar en **auniversocantigas.gal.**
Imaxe: udc.es

O Traballo de Fin de Grao (TFG) de Eva Fernández Prieto (Facultade de Xornalismo da USC) consistiu no deseño dunha revista en liña de cultura galega, proxecto ao que ela mesma segue a dar continuidade nas redes sociais. Trátase de **Rebelico**, publicación virtual na que se recollen novas, reportaxes e material audiovisual da nosa cultura tradicional. Todo baixo un xornalismo que quere ser respectuoso, veraz e especializado.
Imaxe: rebelico.online

O mes de maio levou ao "vello tolo", **Pepe Mujica**, o guerrilleiro preso e sometido a tortura que acabou por ser presidente do Uruguai. Deixou un legado rico e valioso tecido coa palabra. Entre outras reflexións, deixou dito que "a vida é fermosa; gástase e marcha. O *quid* da cuestión de triunfar na vida é comezar de novo cada vez que un cae. E se hai bronca, transformala en esperanza".
Imaxe: arainfo.org

Desde abril está a proxectarse por distintos lugares do país o documental **A loita final**, sobre a macrocelulosa de Altri en Palas de Rei. A peza xurdiu a raíz do informe do Consello da Cultura Galega, no que especialistas de distintos eidos (agro, patrimonio, hidroloxía, edafoloxía, economía, desenvolvemento rural e saúde) alertan sobre as consecuencias da súa instalación. O obxectivo do documental é achegar á cidadanía a información que outros medios non ofrecen, para poder decidir con liberdade.
Imaxe: praza.gal

A Revolta das Mulleres na Igrexa celebra desde a esperanza a ampliación da súa presenza en 29 dióceses desde a súa aparición en 2020. O movemento loita por estar en situación de igualdade nunha Igrexa "máis circular e menos xerárquica, máis laical e menos clerical". Celebran o nomeamento de León XIV, a quen lle piden o impulso de reformas nos costumes, na doutrina e nas leis da Igrexa ancoradas nunha concepción patriarcal e clerical.
Imaxe: exeria.org

Os **Premios Martín Códax da Música** chegan este ano á súa 12ª edición. O certame, apoiado pola Xunta de Galicia, permite a participación do público na elección das candidaturas premiadas, que se agrupan en varias categorías: desde a música infantil ata o rock e o punk, pasando pola electrónica, a canción de autor, a tradicional, o folk, as orquestras, o metal e o heavy, o jazz e outras. A edición deste ano homenaxea ás **Leilía**, que tanto fixeron por preservar e transmitir a nosa tradición oral.
Imaxe: leilia.net

Lingua Vital Xa! é un proceso impulsado por Queremos Galego, que esta plataforma cidadá puxo en marcha para garantir a defensa da lingua diante do que consideran un incumprimento da lei por parte das institucións. Así, e a través das propostas que se fan chegar desde os plenarios comarcais convocados ao longo do país, **Lingua Vital Xa!** pretende identificar acordos e normas incumpridas, detectar obstáculos que impiden a súa aplicación e, sobre todo, propor accións concretas desde o acordo.
Imaxe: queremosgalego.gal

Memoria Histórica

R.R.

“O fascismo impón o medo, e o medo paraliza”

© Foto: Público

Luis Trigo nun enterro laico en Mondoñedo. Abril de 1936.

Fernanda Cedrón leva toda unha vida comprometida coa recuperación da Memoria Histórica. É neta de Luis Trigo Chao, “O Gardarríos”, guerrilleiro antifranquista asasinado en 1948 que será homenaxeado este mes no cemiterio de Lourenzá xunto a súa compañeira Antonia Díaz. Cedrón ofrece nesta entrevista unha mirada lúcida sobre o pasado, a resistencia, e a desmemoria. Hoxe en dia segue traballando con firmeza pola dignidade das vítimas da represión franquista.

O teu avó, Luís Trigo Chao, coñecido como “O Gardarríos”, foi unha das figuras máis emblemáticas da guerrilla antifranquista galega. Como influíu na túa vida saber que eras a súa neta?

Pois mira, eu nacín no 1946 e a el matárono no 1948. Entón quedei cos meus pais, pero eles marcharon e eu quedei na aldea onde nacín, en Vicelo, en Cabanas de Río Barba.

Cando era cativa, como el aínda estaba vivo, viña a Garda Civil e rexistraban a casa enteira. Pero esa era a miña normalidade. Eu non sabía que había outra vida, entón era feliz. Desde pequena tiña claro quen eramos e o que nos tocaba vivir. Nós preparabámonos para iso: sabías que se levaban a alguén, lle daban unha malleira, pero era un valente. E tiñas que ser valente tamén.

Eu son a persoa que son porque a miña nai me deixou alí. Ela marchou a Chantada e nunca falou do asunto. Morreu sen nunca perdoar ao seu pai.

> “A miña loita é pola memoria política, non polo sentimentalismo”

Culpábao de todo: da cadea, da miseria... Non o quería. Iso marca.

Despois, cando tiven que marchar da aldea para estudar en Chantada, sentinme como desterrada. A miña liberdade acabou. Sempre tiven Cabanas como a miña terra prometida.

Como foi a túa vida profesional?

Estudei maxisterio. Marchamos para Madrid e alí expedientáronme pola Sección Feminina. Fixen substitucións de profesoras embarazadas preto de Chantada. E nada máis. Moi breve.

O teu avó foi asasinado nunha emboscada en 1948. Sabedes onde están os seus restos?

Si, matárono na noite de San Xoán de 1948, en Vilanova de Lourenzá, xunto á súa compañeira Antonia. Están enterrados alí. O pobo fixo un monumento e todos os anos facemos unha homenaxe o sábado máis próximo ao día de San Xoán.

Segundo os últimos datos, en Galicia hai rexistradas máis de 460 fosas de vítimas da represión franquista, pero só se interveu en arredor de 40. Cres que existe unha desidia institucional?

Si, en moitos lugares. Outro día estivemos en Celanova, colaboro con moitas asociacións. O grupo de memoria de Celanova é fantástico. Fomos porque se sabía que alí había 90 represaliados, fusilados. Estiveran presos no mosteiro de Celanova. E hai moitos máis porque o monte Furriolo, está cheo de ósos. Levábanos alí, deixábanos tirados e a xente enterrábaos onde caían.

© Foto: RTVE

Arqueólogos nunha das fosas do cemiterio de San Breixo de Celanova (Ourense).

Memoria Histórica

“Non se trata só de levantar cadáveres, morreron por unha causa”

Homenaxe a Luís Trigo e Antonia Díaz, no cemiterio de Lourenzá, onde repousan os seus restos

Concretamente, creo que 32 dos 90 eran asturianos, e viñeron unhas 16 familias. Algunhas puideron identificalos... Pero nalgúns casos, nin iso se pode facer porque os ósos están moi deteriorados.

Eu sei que isto doe a moitas familias, porque queren atopar os seus, pero

> “O meu avó morreu por aquilo no que cría”

para min iso é secundario. Morreu por unha causa, e iso é o que hai que lembrar. A maioría morreron sen apoio da Igrexa. Eu estou totalmente en contra do que se está facendo. España é o único país onde se están facendo exhumacións sen que haxa un xuíz presente, e o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos xa chamou a atención sobre iso.

É unha aberración. Pronto non quedarán fosas. Hai asociacións que poñen un monumento e lembran o que pasou, pero outras levantan os cadáveres e xa está. Para min é puro sentimentalismo.Non se trata só de levantar cadáveres, morreron por unha causa.

Que mensaxe lle darías ás novas xeracións sobre o valor da memoria?

É fundamental. Eu tiven a sorte de vivir na aldea. A xeración dos nosos pais foi a do silencio. E iso é o que impón o fascismo: medo. E o medo paraliza.

Eu entendo ese medo: cadeas, mortes… Pero non nos transmitiron nada. Calaron case todos. É raro atopar transmisión. Se estás a facer entrevistas, verás que moita xente di que se enterou pola foto dun avó, ou por alguén que lles contou algo...

Aquí non houbo un proceso como en Alemaña. Alí houbo o Tribunal de Nuremberg. Aquí, Franco aínda ten homenaxes no Valle de los Caídos. Hai monxes alí. A Igrexa foi cómplice.

Aquí, na transición, que queres que che diga? Ves o documental da morte de Franco: todos chorando. Ao día seguinte todos eran demócratas. Sen unha soa reparación.

Toda a xente que promoveu e financiou o golpe de Estado son os que están hoxe no IBEX 35. Coidado. E o PSOE, que se di republicano, foi clave para manter esta monarquía corrupta. Os Borbóns sempre o foron. Dicímonos un Estado laico, pero seguimos financiando a Igrexa. Só España fai iso en Europa.

Cres que hai compromiso entre a xente nova?

E os mozos, sen información, non poden facer nada. Cando lles doe o zapato, reaccionan. Pero se non saben nada...

Fixemos charlas en institutos coa Nova Escola Galega. Os rapaces alucinaban, non sabían nada. Como van implicarse se o descoñecen?

Labor de divulgación de Fernanda Cedrón, ao longo da súa vida

Pero eu confío neles. Sei que é unha loita perdida, pero quero morrer así. Levo toda a vida loitando por isto. Non se trata de dicir “pobre do meu avó”. O meu avó morreu por aquilo no que cría. E sabía que arriscaba a vida. Iso é moito máis importante.

Fernanda Cedrón, neta do Gardarríos.

© Foto: Marina Miser. La Voz de Galicia

Horizonte Universal

Rubén Aramburu

Imperdibles de Francisco (1)

A elección do nome

"Na elección tiña onda min ao arcebispo emérito de S. Paulo, o cardeal Hummes; un grande amigo...Cando os votos chegaron aos dous terzos veu o aplauso por me escoller Papa. El abrazoume e bicoume e dixo: "non te esquezas dos pobres". Esa palabra entrou aquí, no corazón, os pobres, os pobres. Deseguido pensei en Francisco de Asís, pensei nas guerras e Francisco é o home da paz. O home que ama e custodia a creación...o home que nos da este espírito de paz, o home pobre. Como querería unha igrexa pobre e para os pobres!

(Aula Paulo VI, Marzo de 2013)

Sobre a homosexualidade

"Se unha persoa é homosexual , busca ao Señor e ten boa vontade, quen son para xulgala?"

(Xullo de 2013, volvendo da XMX en Río de Xaneiro)

O drama no Mediterráneo

"Con dor e vergonza hai que dicir que desde comezo de ano van preto de 2.000 homes, mulleres e nenos que morreron neste mar intentando chegar a Europa. É unha ferida aberta da nosa humanidade...alento os esforzos de todos os que traballan para evitar os naufraxios e rescatar aos inmigrantes".

(8 de xullo de 2013, antes da viaxe a Lampedusa).

Igrexa aberta

"Na igrexa, non sobra ninguén. Ninguén está de mais. Hai espazo para todos. Tal como somos. Todos. É algo que Xesús di con claridade. Cando manda aos apóstolos a chamar para o banquete dese señor que o tiña preparado:-"Vaian e traian a todos", mozos e vellos, sans e doentes, xustos e pecadores. Todos, todos, todos! Na Igrexa hai lugar para todos.

(Xornada da Mocidade en Lisboa 2023)

A memoria

"É doado caer na tentación de pasar páxina dicindo que hai moito que sucedeu e que hai que mirar cara adiante. Non, por Deus! Endexamais se avanza sen memoria, non se evoluciona sen unha memoria íntegra e luminosa. Hai que manter vivo o lume da conciencia colectiva, testemuñando ás xeracións vindeiras o horror que se viviu."

(Fratelli Tutti-2020)

A globalización da indiferenza

"Ante a globalización da indiferenza, que nos volve a todos seres -innominados- responsables sen nome e sen rostro, sen memoria da nosa propia historia e do noso destino, ante un medo que nos volve tolos, resoa sempre a pregunta de Deus a Caín: "Onde está o teu irmán? O sangue do teu irmán berra por min desde o chan".

(Esperanza, autobiografía 2025)

Pena de morte

"Todos os cristiáns e as xentes de boa vontade están chamados a loitar non só pola abolición da pena de morte, sexa legal ou ilegal, e en todas as súas formas, senón co fin de mellorar as condicións das prisións, no respecto da dignidade humana das persoas privadas de liberdade...a cadea perpetua é unha pena de morte oculta"

(Fratelli Tutti)

Primarear

"A Igrexa en saída é a comunidade de discípulos misioneiros que *primarean,* que se involucran, que acompañan, que frutifican e festexan. Seguindo ao Señor a comunidade sabe adiantarse, tomar a iniciativa sen medo, saír ao encontro, buscar aos afastados e chegar as encrucilladas dos camiños a convidar aos excluídos...Atrevámonos a primerear!

(Evangelii Gaudium 2013)

Alegría

"O mal humor non é un signo de santidade:`*Afasta do teu corazón a tristura*(Qo 11,10). Recibimos tanto do Señor, para que o gocemos, que as veces a tristura ten que ver coa ingratitude, con estar tan pechado en si mesmo que un vólvese incapaz de recoñecer os agasallos de Deus" (Gaudete et Exultate 2018)

Divorciados

"O camiño da Igrexa é sempre o camiño de Xesús, o da misericordia e a integración...O camiño da Igrexa é o de non condenar a ninguén para sempre e difundir a misericordia de Deus a todas as persoas que o pidan con corazón sincero. Hai que evitar os xuízos que non teñen en conta a complexidade das diversas situacións e estarmos atentos ao modo no que as persoas viven e sofren a causa da súa condición. Trátase de integrar a todos, de axudar a cada un a atopar a súa propia maneira de participar na comunidade eclesial...ninguén pode ser condenado para sempre, non é a lóxica do Evanxeo. En certos casos os sacramentos poderían ser unha axuda. Por iso recordo aos sacerdotes que o confesionario non debe ser unha sala de tortura senón o lugar da misericordia de Deus. A Eucaristía non é un premio para os perfectos senón un xeneroso remedio e alimento para os febles" (Amores Laetitia,2016)

Paz

"Debemos desarmar as palabras, para desarmar as mentes e desarmar a Terra...Mentres que a guerra só devasta comunidades e o medio ambiente, sen ofrecer solucións aos conflitos, a diplomacia e as organizacións internacionais precisan sangue novo e credibilidade. As relixións poden recorrer á espiritualidade dos pobos para reavivar o desexo de fraternidade e xustiza, a esperanza da paz. Todo isto esixe compromiso, traballo, silencio, palabras. Sintámonos unidos neste esforzo."

(Carta desde o Hospital Gemelli, febreiro de 2025)

Sentido e superficialidade

"Cando nos asalta a tentación de navegar pola superficie, de vivir correndo sen saber finalmente para qué, de convertérmonos en consumistas insaciables e escravizados polas engrenaxes dun mercado ao que non lle interesa o sentido da nosa existencia, precisamos recuperar a importancia do corazón"

(Dilexit Nos 2024)

Ás furtadelas

Carlos Callón, Profesor e escritor

Carta aberta a León XIV[1]

Carta aberta ao Papa

O ser humano non se caracteriza polo sosego. É boa verdade. Non entanto, chega vostede ao papado nun período singularmente desacougante, non só polo que está a acontecer no mundo para quen ouse ollar para el, senón tamén pola sensación que se estende no ambiente de que hai un acontecemento por vir.

Talvez sexa o despregamento dun enxeño tecnolóxico que aínda nos desoriente máis, aínda que naza para axudarnos; quizais sexa que os tambores de guerra xa non se escoiten só ao lonxe; ou se cadra é tan só que contemos os alentos perante os *flashes* diarios.

> A causa galega é tamén unha causa da humanidade, unha bandeira necesaria das nosas diversidades

Así estamos: cunha man que roza os camiños para conxugar no presente o que até hai nada era ficción científica e coa outra a ameazar carnes como as nosas coa agresión máis pulsional e bárbara. Os pés, eses, parece que están á beira do abismo, dubidando entre despeñarse ou voar. Oxalá lles nazan ás.

Como home que son de conclusións ateas mais de profunda formación e cultura católica, deséxolle sorte e moitos acertos. As miñas convicción de que non existe divindade non me cegaron o importante labor social, de ligazón colectiva e de conforto no loito que a relixión pode realizar.

Ademais, eu tampouco sei por que existimos nin por que estamos prometidos para a morte, así que camiño tranquilamente coa miña descrenza e milito con firmeza en que cada persoa chegue ás doutrinas ou deducións que quixer ou puider.

En calquera caso, neste mundo de desasosegos, precisamos moito que as voces dos liderados relixiosos nos aquezan polo menos cun bocadiño de sensatez, de aposta polo diálogo, pola paz e pola diversidade. Cada xesto e palabra do dirixente da Igrexa de Roma non será indiferente.

Na miña humilde opinión, é nesta noción da diversidade ou das diversidades onde se xoga o noso futuro como especie. Nesta carta quero falarlle sobre todo como galego, pedirlle que a Igrexa por fin volte a recoñecer, após tantos séculos de agresividade ou costas viradas, a singularidade histórica, cultural e lingüística de Galiza. A causa galega é tamén unha causa da humanidade, unha bandeira necesaria das nosas diversidades.

Non teño eu espazo e, sobre todo, non ten vostede tempo para repasarmos agora os meandros da historia da nación galega: os seus logros e os seus momentos de depresión, as súas xestas e as súas derrotas, o camiño do odio ao autoodio, mais tamén a forza da resistencia e os rostros do orgullo. Déixeme só agora resumirlle que, desde Trento até hoxe, as institucións eclesiásticas manteñen no meu país unha práctica desarraigada e desarraigadora.

1 - Publicado en “Nós diario” , 14 de maio de 2025

Mobilización polo galego na Igrexa fronte á Catedral de Santiago en maio de 1965. (Foto: Arquivo persoal de Luz Rei e Xesús Sanxuás / Xosé Ramón Hermida) Publicada en Nós Diario

O galego na Igrexa

Cando, xa no Concilio Vaticano II, a Igrexa decidiu franquear por completo as portas dos templos ás linguas vivas, ao galego non se lle permitiu entrar. En plena ditadura franquista, unha ampla campaña estendeuse como puido para reclamar que a nosa lingua natural tivese a mesma autorización que o resto.

Quero pedirlle á Igrexa que volte a recoñecer a singularidade histórica, cultural e lingüística de Galiza.

Hai xusto 60 anos, na véspera do Día das Letras Galegas de 1965, un nutrido grupo de mozas e de mozos realizaban unha peregrinaxe polo galego na Igrexa. Podería chamarse tamén manifestación ou acto público, mais nese momento histórico non era posíbel marchar a ceo aberto por calquera causa democrática sen lles caeren enriba os paus da policía. Entón, "peregrinaron".

Esta mobilización, da que se fan agora seis décadas, é unha das moitas actuacións que se realizaron para que se lles tirasen os fechos ao galego nas misas. Nos arquivos do Vaticano pode ler as instancias, os telegramas ou, mesmo, a carta do Ministerio de Asuntos Exteriores franquista a presionar para que se impedise: "Galicia podría dejar de ser la hija fiel de España", gritaban.

Ao final, o pobo conseguiu alzar (polo menos, formalmente) esa barreira que limitaba a nosa lingua. Até onde eu sei, non houbo ningunha fala tan reivindicada en todo o mundo católico nese crucial momento, e iso ten un valor que non se debe pasar por alto.

Após a morte do ditador, o arcebispo e os bispos de Galiza (ou debería dicir "en Galiza"?) acordaron que se ía dar un salto democratizador tamén na lingua e comprometéronse a unha serie de medidas que nunca cumpriron. Até hoxe.

Co noso idioma, pecaron e pecan de pensamento, palabra, obra ou omisión.

Hai sete anos morreu miña nai, que era católica. No momento do seu funeral, tivemos que solicitar expresamente que se oficiase na lingua que ela falou toda a súa vida. O sacerdote respondeunos que así sería. Entenda a nosa dor, o noso desamparo e a nosa carraxe ao ver que nin isto se atendeu. Por favor, escoiten.

Co noso idioma, pecaron e pecan de pensamento, palabra, obra ou omisión.

Pingas de orballo

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)

Benedicto García Villar, cantor

Pode morrer un cantor? Non sei se se pode dicir que un cantor morre, nin sequera que se perde no medio dun silencio ambiental cheo de ruídos un tanto desagradables, creando enrarecidos silencios intencionadamente amplificados para facernos perder nunha xordeira do exceso. Polo menos, mentres queden ecoando as súas melodías, prendidas en lembranzas, coas mensaxes que nos transmitían e que aquel fistor, poeta, trobador quixo facer nosas, loitando contra o silencio, a inactividade, a pasividade, contra as fames de xustiza.

Quedou prendida a voz polos camiños, entre as silveiras, na ingravidez dos saloucos e nos latexos dos que nos queremos sentir donos de nós. Pasou, e fíxoo en silencio, como tantos outros e outras. Mais non esqueceu cantar, como fixeron outros que se foron apaisando ao acomodo. Esvaeceu deixando esa melodía da loita, sen esquecer os ideais que lle marcaron senda. Logo da súa estadía quedou un baleiro difícil de encher, pero cheo de memorias.

Como compoñente da Nova Canción Galega, en Voces Ceibes, como mestre, sindicalista, amigo e militante do Partido Comunista, queda pendurada a imaxe do seu sorriso, ao final vitorioso ata a batalla final. A pesar das múltiplas derrotas que imos levando, sabemos que os silencios, a partir de agora, serán máis longos e fríos, sobre todo se deixamos perder a súa voz entre cantos de serea que nada din, que tanto esconden, que nada nos fan sentir senón adormecernos.

Mais nós lembraremos aquel cantor de auga fresca, o daquela rebelde sintonía de intervención social, do compromiso, da referencia de combate que aloumiñaba laios dos que padecían dor e esquecemento. Aquel cantor que batallaba –ao seu xeito– polas liberdades colectivas, que falou por nós abríndose a un mundo de soños que merecemos, e que temos que facer realidade recollendo as súas testemuñas cun compromiso vital.

Agora habita xa aquela dimensión das nostalxias. Deixou de sufrir a súa propia dor, que o tivo retirado, anque sen baixar a garda. Era Benedicto, voz rebelde que nunca calou, que reivindicou –naqueles tempos– a nosa lingua e cultura con orgullo e honra no medio de tantas desconsideracións e censuras.

Benedicto, voz rebelde que nunca calou

Un día 5 xuntamos un mar de xente en Boisaca. Chovía. Houbo oradores que falaron, algúns moito, insistindo no xa sabido: a personalidade dun Cantor, en maiúscula, que encheu auroras nas olladas grises de grises tempos. Foi un acto de irmandade sincera. O importante é que nos atopamos no mesmo espazo, convocados por el. Estaba a súa filla, a irmá Chus, a compañeira Maite. Estaba a viúva de Zeca Afonso. Xuntos estivemos a xente da música galega contestataria. Por un momento, lembrei a outros que coma el pasaron. Sentín que non se citara a Bibiano, Mingos de Melide, Agustín Maroñas, Suso Vaamonde... Quedaron os seus ecos reclamando a dignidade de quen cantou e tocou por conta propia, eses que cantan sempre con razón.

Irimia en lila

III Encontro Estatal da Revolta de Mulleres na Igrexa – Alcem la Veu

“Crentes e feministas: razóns para a esperanza”

Facendo memoria da nosa historia con Pepa Moleón, Marisa Vidal e Pilar Calle.

Preto de 200 mulleres, procedentes de 29 das 33 Revoltas locais de todo o Estado, reunímonos do 9 ao 11 de maio en El Escorial para celebrar o III Encontro Estatal da Revolta de Mulleres na Igrexa – **Alcem la Veu**, baixo o lema **“Crentes e feministas: razóns para a esperanza”**.

Desde Galicia asistimos en representación da Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria e das Revoltas de Vigo e Lugo. Alí confirmamos o noso desexo de sermos e estarmos en igualdade cos homes nunha Igrexa máis circular e menos xerárquica, máis laical e menos clerical; unha Igrexa servidora, misericordiosa, aberta e acolledora. Ao recentemente nomeado papa León XIV, pedímoslle que impulse a reforma dos costumes, doutrinas e leis da Igrexa, ancoradas nunha concepción patriarcal e clerical que mantén a subordinación e a invisibilidade das mulleres. Cremos que o traballo e o pensamento das mulleres, así como o seu acceso aos espazos de toma de decisións, son fundamentais para a necesaria conversión da Igrexa ao Evanxeo. O Deus da vida, que ama as súas criaturas, quérenos libres e iguais, e rexeita todo o que impide a nosa plenitude.

Neste encontro, a Revolta reafirmou a súa aposta pola igualdade e a denuncia de que o patriarcado é pecado, pois **a gloria de Deus é que as mulleres vivamos en plenitude e abundancia**.

Así marcamos a nosa folla de ruta para o futuro, que concretamos en:

- Seguir creando comunidades cristiás sororais.
- Manter un esforzo continuo de formación teolóxica e feminista, impulsando a teoloxía feminista na nosa vida cotiá e nos espazos públicos.
- Promover a nosa presenza en todos os espazos da Igrexa, asumindo responsabilidades na liturxia (mesmo no altar), na organización, na representación e na expresión pública da nosa fe.
- Apoiar a pastoral da diversidade sexual en todos os ámbitos eclesiais.
- Esixir estruturas diocesanas contra os abusos a menores e persoas adultas na Igrexa, espazos onde denunciar, previr, escoitar e apoiar as vítimas.
- Celebrar a vida e a fe recuperando imaxes, símbolos e linguaxes inclusivas e liberadoras.
- Producir materiais litúrxicos e pastorais que incorporen a perspectiva de xénero.
- Promover unha espiritualidade ancorada na vida e no compromiso por outro mundo posible no que a vida das mulleres importe.
- Renovar o noso compromiso por e coas mulleres empobrecidas e con todas as periferias sociais e existenciais.
- Continuar a nosa participación e diálogo cos movementos do feminismo civil.
- Fortalecer a nosa colaboración coas redes internacionais do feminismo católico, con especial incidencia no sur global.

190 mulleres de todo o territorio español tecendo redes de sororidade.

Representación das 29 Revoltas locais presentes no Encontro en El Escorial.

O Noso Taboleiro

Mina Touro-O Pino NON: “Defendemos o territorio, como faría Moncho Valcarce”

A Plataforma Veciñal *Mina Touro-O Pino NON* recibiu este ano o Premio Moncho Valcarce na categoría “Pola Defensa da Terra”. O colectivo leva desde 2017 combatendo a reapertura da mina de cobre a ceo aberto, que ameaza a calidade da auga, o aire, os sectores produtivos locais e a vida no rural. “Defendemos o noso territorio, o dereito a vivir no rural, os nosos medios de vida. Temos o compromiso de facelo agora máis que nunca, como lle gustaría a Moncho Valcarce”, sinalaron durante o acto de entrega.

Na categoría “Pola Promoción da Terra” foi galardoada Margarita Ledo Andión, escritora, cineasta, catedrática de Comunicación Audiovisual e membro da Real Academia Galega. A súa traxectoria está marcada pola defensa da lingua, a cultura e os dereitos colectivos, desde o activismo feminista ata o compromiso intelectual e audiovisual cun país vivo.

Os Premios Moncho Valcarce, que cumpren xa 22 edicións, son promovidos pola Irmandade Moncho Valcarce, unha asociación formada por amizades, familiares e compañeiras do histórico “cura das Encrobas”. O seu obxectivo é manter viva a súa memoria, transmitindo os valores de xustiza social, compromiso co pobo galego e defensa da terra que marcaron a súa vida e acción pastoral.

© Foto: Plataforma Veciñal *Mina Touro-O Pino NON*

Representantes da Plataforma Veciñal ***Mina Touro-O Pino NON*** xunto Margarita Ledo, á esquerda, durante a entrega dos premio.

Olladas Ilustradas

Roberto Álvarez

Tolas de amor

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Coordinación da edición: R. García.

Consello de redacción: Daniel López Muñoz, Luís Gómez Aldegunde, Lidia Campos Chan, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez, Lucía Santiago Díaz, Marta Sopeña Font, Rubén Aramburu Molet, Tino Santiago, Baldomero Iglesias Dobarro (Mero), Xan Guillén Vázquez, Teresa Souto Loira, Christina Moreira, María Pereiro, Xabier Blanco, Clara Baliñas, Marisa Vidal, Xosé Lois Vilar, Lois Ferradás, Olga Álvarez, Beatriz Cedrón Vilar.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Tareixa Ledo Regal, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto Varela, Carlos Vázquez, Jessica Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Gumersindo Campaña Ferro, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana Bordas, Antón Laxe, Josecho Barca López, Felipe Arias Vilas, Elvira Santos, Beatriz Mosquera, Madó Domínguez, Anuncio Maroño, Clara Raposo, Beatriz García Turnes, Belén Caballo, Manuel García Turnes, Roberto Álvarez.

Recepción de artigos e colaboracións en: asoc.irimia@gmail.com

Subscricións:
Telf.: 615 464 095 / irimia@irimia.gal
Ordinaria: 35 Euros, de Apoio: 50 Euros. Cota de socio: 10 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista: irimia@irimia.gal

Conta: Fiare Banca Etica
ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 450 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: http://irimia.gal

Feito en papel reciclado

E esta vai de despedidas

Actividade subvencionada pola

Deputación DA CORUÑA

Boa Nova

Oración pola terra

Deus omnipotente,
que estás presente en todo o universo
e na máis pequena das túas criaturas.

Ti, que rodeas coa túa tenrura todo o que existe,
derrama en nós a forza do teu amor
para que coidemos a vida e a beleza.

Inúndanos de paz, para que vivamos como irmáns e irmás
sen facer dano a ninguén.

Deus dos pobres
axúdanos a rescatar
aos abandonados e esquecidos desta terra
que tanto valen ante os teus ollos.

Sanda as nosas vidas,
para que sexamos protectores do mundo
e non depredadores;
para que sementemos fermosura
e non contaminación e destrución.

Toca os corazóns daqueles que buscan só beneficios
á costa dos pobres e da terra.

Ensínanos a descubrirmos o valor de cada cousa,
a contemplar admirados,
a recoñecer que estamos fondamente unidos
con todas as criaturas
no noso camiño cara a túa luz infinita.

Aléntanos, por favor, na nosa loita
pola xustiza, o amor e maila paz.

(Papa Francisco. Laudato Si)



© Foto: (Fervenzas do Ulla) @grancalili

Falando da lingua

Lidia e Valentina

Outra volta pola fala de noso...

Na hora na que as nosas letras cheguen ás vosas mans, aínda resoará nos vosos oídos o que deron que falar, ou que oír, as Letras, con maiúscula. Porque o Día das Letras este ano dedicóuselle ás Cantareiras, feito non exento dunha polémica na que non imos entrar agora. Mais si que queremos reivindicar a transmisión oral, tanto da poesía que nos chegou pola boca das cantareiras, como de tantas e tantas expresións que conservan as nosas mulleres e homes. E queremos incidir na importancia da súa preservación e transmisión, que só pode darse a través do uso. E ás veces nin lembramos que sabemos moita da fraseoloxía que temos aí no baúl que nos foron enchendo avoas, veciños, amizades...

Poñemos uns exemplos. Un destes tantos días nos que tanto choveu e había moito frío valeunos para facer uso dunha expresión que xa nin lembrabamos que tiñamos de noso e que saíu *así polas boas*!... Estabamos a bater os dentes e Pepe ordenou de cruzarmos a rúa, parecía que *así polas boas*, pero era para que a parede do outro lado nos *tornase o frío*! Igual que tiñamos esquecida aquela de "beber os aires por alguén"... Rosa herdou todo dunha tía súa que lle acaba de morrer, pero xa houbo quen aclarou que a finada tía, desde que Rosa era ben pequeniña, *bebía os aires por ela*!

Este tempo meteorolóxico animounos tamén a estarmos en familia ao redor do lume e a escoitar. *Deus nos valla, con pan de trigo e unha navalla*!, dixo Josefa. E Remedios amasara unha fornada de pan, aproveitando que non se podía *gobernar vida* fóra da casa, e, coma sempre que cocía, fixera unha bola de liscos que *sabía que rabiaba*! Comemos e comemos, e xa cando ía rematando a xuntanza, quedaban dous petiscos na fonte e ninguén se atrevía a collelos, ben pola farta, ben por aquilo de *deixar* sempre *a cortesía*..., esoutra maneira de dicir que sempre hai que deixar algo no prato, para sermos correctos e correctas e non comermos todo coma se nunca vísemos comida diante, coma se estivésemos esfameadas rabiadas, adoecidas coa fame... E á hora de recollermos todo o que alí estraramos, alguén viu uns cartuchos baleiros enriba do banco de detrás da cociña e deulle para dicir: *O marrau onde come, alí deixa a pía*... O que tal rimos! Moito nos prestou!

Invernada primaveral ben aproveitada para a nosa lingua...